

# CANDO SE FALA DAS RELACIÓNS FAMILIARES

NON SE ASUSTEN, NIN QUE SEXA TEATRO, RAÚL DANS OFRÉCENOS UN GRAN TEXTO LITERARIO CO QUE ACADOU O PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO E QUE VÉN DE EDITAR AGORA XERAIS

## Miguel Sande

Hai, mesmo entre os escritores, quen pensa que o teatro non é para ler, senón para ser representado principal e case que exclusivamente. Está ben, alá o que pense cada quen. Eu, e que me desculpe unha vez máis Walter Benjamin por comezar así, sempre concibín o teatro coma un xénero literario; para min tamén é literatura e pode ser grande e escribirse en maiúsculas. Só se precisa un bo escritor de teatro.

Paréceme fundamental isto e máis aquí, entre nós, para formar unha base literaria sólida como xénero que é. O libro, o texto, permanece; queda aí. Digo que é importante para nós porque cada vez hai menos presuposto para as representacións, menos a repartir, e as montaxes han de cingirse a monólogos e de continuar así, a voces en *off*.

Nunca vin con bos ollos a rede galega de teatro, hei confesalo; teño moitas dúbidas do beneficio que supón ou, pola contra, do dano que pode facer ao teatro. É só a miña opinión. ¿Por que hai que levar o teatro a cada concello, a casas de cultura con escenarios infames, reducidos, que non reúnen condicións e ata con columnas diante que impiden ver? ¿Por que hai que maltratar así un texto, unha peza, ao teatro



Raúl Dans dedícase á dobraxe, é ademais guionista para TV e dramaturgo

en definitiva?

Que, nada, vou ao que me trouxo aquí, o libro de teatro de Raúl Dans, *Chegamos despois a unha terra gris*, premio Álvaro Cunqueiro 2010, editado agora por Xerais na colección Biblioteca Dramática Galega. Dans é un dramaturgo consolidado; ten acadado xa o Premio Rafael Dieste e o prestixioso Premi Born.

Hai libros de teatro que se

deixan ler mellor que moitas novelas. Gústame quen intenta saltar por enriba dos xéneros en cada texto. Para min que este de Raúl Dans é un deses libros de teatro que se le con interese e ata con facilidade. Que ninguén se asuste, nin que sexa teatro.

Dise na contracapa que Raúl Dans fai un retrato desapiadado dun núcleo familiar en descomposición, e é certo. Para que vou tentar dicilo doutra maneira se



TEATRO

## «Chegamos despois a unha terra gris»

Raúl Dans. Xerais. Premio Álvaro Cunqueiro 2010. 146 páxinas. \*\*\*

mo dan xa feito e ademais con acerto. Ten dureza este texto, un texto que pretende con palabras con efecto barrena afondar nas convencións e, en particular, na cabeza de cada lector. Os grandes textos literarios tamén poden ser de teatro, por que non.

Aquí o que importa de verdade son as relacións entre os personaxes, as relacións de familia, as súas frustracións, a hipocrisía. Dans ofrece un texto coidado, non me canso de dicilo, literario, con diálogos directos, duros, que manteñen a pulsión no texto e no lector. Nada, que xa tiña gañas de escribir sobre teatro.